

Recordatorio de deberes legais dirixida ao Concello de Santa Comba para que as bases reguladoras do proceso se publiquen de conformidade co disposto na súa normativa reguladora

Expediente: A.11.Q/16081/23

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dona XXX con DNI XXX, en relación coa selección de persoal do obradoiro de emprego "Constrúe en Verde 2023" promovido polo Concello de Santa Comba.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito de queixa presentado indícase, en esencia:

Quero presentar unha queixa formal sobre a xestión cada vez máis grave, pouco transparente e nada axustada as bases dos procesos que publican os concellos.

1º Concello de Santa Comba: inscíbome a oferta de docente na web de emprego.xunta.gal o sábado 25/11/2023. Na mesma oferta específica: "poderase consultar as bases na web do concello". Entro na web non hai bases. Ese mesmo día solicitei cita na oficina de emprego Xunta para poñer os datos o día. O luns 27, fun a oficina, atendéronme moi ben e chamei o concello para saber cando publicaban as bases, contestáronme que ese mesmo día as publicarían. As publicaron o luns 27/11/2023 as 15:00. Puiden velas, e especificábase nelas que o envío de listado se realizaría pola Oficina Norte de Santiago. Chamei a oficina Norte de Santiago e díxerome que o listado xa se enviara o venres 24/11/2023. Xestión totalmente nula de pleno dereito. A verdade que non teño probas, so podo compartir os feitos. Supoño que dende os sistema interno pódese ver os rexistros de publicación do Conello de Santa Comba, data de recepción do listado, etc.

Segundo.- Vista a súa queixa, solicítase informe ao Concello de Santa Comba no que, en esencia, indica:

Primeiro.- Que as bases foron asinadas o 22 de novembro de 2023 e que foron remitidas para a Xefatura Provincial e para a Oficina de Emprego Santiago Norte o día 23 de novembro de 2023. Non se pode tramitar ningunha oferta de emprego previa a que se remitan as bases que regulan o proceso de selección sen estar asinadas previamente e sen ter o consentimento da Xefatura Provincial da Consellería de Promoción de Emprego.

Segundo.- O día 24 de novembro de 2023 a última hora foron pasados os listados do alumnado para facer as citacións pertinentes. Dende ese momento a oficina de emprego publica as bases nos seus medios de difusión e o Concello da Baña súbeas a súa páxina o día 22 de novembro de 2023. O Concello de Santa Comba colgounas o día 27 por un problema interno de tramitación.

Terceiro.- Cúmrese o requisito da publicación porque están publicadas pola oficina de emprego e por un dos catro concellos participantes.

Cuarto.- O día 27 cítase a todo o alumnado para vir a recoller a citación para participar no proceso selectivo e indícaselle que as bases están publicadas na oficina de emprego, na páxina web do Concello da Baña e que esa mesma mañá se colgarán no resto de Concellos para consulta do que precisen.

Adxúntase xustificante da publicación na páxina web do Concello da Baña.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira.- A interesada manifesta a falta de publicidade na oferta de emprego de persoal docente do obradoiro de emprego organizado polos concellos de Santa Comba, Val do Dubra, A Baña e Negreira. Así, non foi anunciado na web do Concello de Santa Comba o día na que se asinaron as bases da convocatoria (o día 22 de novembro), senón o día 27 de novembro (3 días hábiles despois).

O informe achegado indica que ditas bases foron publicadas na web do concello de A Baña, e o erro, na publicación na web do concello de Santa Comba, debeuse a un problema interno na tramitación.

Con todo, indican que ditas bases foron remitidas á Xefatura Provincial e á a Oficina de Emprego Santiago Norte o xoves 23 de novembro de 2023

SEGUNDA.- A Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A) no seu artigo 10, normas xerais de selección, sinala:

As bases reguladoras do proceso de selección do persoal e alumnado traballador do obradoiro dual de emprego aprobadas polas entidades promotoras deberán ser expostas

ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora do obradoiro. Así mesmo, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal)

Así, a entidade promotora, neste caso o Concello de Santa Comba, conveniado cos concellos de Negreira, A Baña e Val do Dubra, ten obriga de publicar na súa páxina web as bases da convocatoria.

No presente caso, tal e como indica no informe, dita publicación na web do Concello de Santa Comba realizouse con posterioridade á selección realizada pola Oficina de Emprego. De feito, na publicación realizada polo Concello de A Baña, se sinala, que o prazo para inscribirse remata o venres 24 de novembro.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esea entidade local o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que as bases reguladoras do proceso deberán publicarse de conformidade co disposto na súa normativa reguladora”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo